



Obxecto:	Informe Estudio de Impacto Ambiental e Proxecto Sectorial
Proxecto:	Parque Eólico Cunha
Concello:	Vila de Cruces (Pontevedra)
Promotor:	Capital Energy. Green Capital Power, S.L
Remitido:	Servizo de Enerxías e Minas. Xefatura Territorial de Pontevedra. Consellería de Economía, Empresa e Innovación
Clave:	IN408A 2019/02
Expte.:	03.I.582.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía) IA 2998/2020 (Servizo de Arquitectura)

O 08.04.2021 ten entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía, Empresa e Innovación polo que se pon a disposición da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, na páxina web da Xunta de Galicia, os documentos: *Estudio de Impacto Ambiental del Parque Eólico Cunha, en el término municipal de Vila de Cruces (Pontevedra), noviembre 2020* e *Proyecto Sectorial Parque Eólico Cunha, octubre 2020*

De acordo co establecido no apartados 2 e 3 do artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e no artigo 34.1 da Lei 5/2016, do 4 e maio, do patrimonio cultural de Galicia solicítase que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos técnicos de referencia.

ANTECEDENTES E FEITOS

O 11.05.2020 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emite informe sobre consultas no procedemento de Avaliación do Impacto Ambiental Ordinaria do Parque Eólico Cunha, no que se establece a obrigação de realizar dunha prospección arqueolóxica de todo o ámbito afectado polo proxecto. Así mesmo sinalase a necesidade de que o Estudo de Impacto Ambiental conte cunha avaliación do impacto do proxecto sobre o patrimonio cultural de todo o ámbito afectado tanto do parque eólico (definido pola poligonal do proxecto) como da liña eléctrica de evacuación de enerxía e os accesos a empregar ata o parque eólico desde as estradas xerais. Asemade, deberá contar cun estudo específico da afección visual á igrexa románica de Santa María de Merza e ao Mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro, incluíndo infografías nas que se visualicen os elementos en relación co parque eólico.

O 16.06.2020 a directora xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar a intervención *Prospección arqueolóxica para a avaliación sobre o patrimonio cultural do Parque Eólico Cunha (Vila de Cruces, Pontevedra)* (CT 102A 2020/450-0), dirixida pola arqueóloga Lorena Vidal Caeiro.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139 do 18.07.2008)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36 do 22.02.2011)
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE núm. 294, do 06.12.2018)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- Decreto 198/2020, de 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG núm.242 do 01.12.2020)

Estudo de Impacto Ambiental

- O documento recolle a valoración ambiental do proxecto do PE Cunha de 22,5 MW de potencia total, que constará de 5 aeroxeradores, de 4,5 MW de potencia nominal, 127,5 m de altura de buxe, e 145 m de rotor e a súa infraestrutura asociada: vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias de cableado, edificio de control, torre meteorolóxica (co seu acceso), subestación transformadora 30/220 kV, 6 eixos de xiro, viario para gabia eléctrica ata o aeroxerador CU-05. Cun total de 6,382 m de viarios novos e 6.216 m de viarios existentes.





- Para o acceso ao parque eólico aproveitanse os vieiros existentes que parten da estrada PO-960 cara aos aeroxeradores e instalacións do PE, aproveitando pistas existentes. Non se detallan os accesos fora da poligonal.
- O Parque Eólico Cunca evacuará a súa enerxía cunha solución conxunta de varios parques eólicos, dende a súa subestación ata a SET Colectora Silleda 132/400 KV, e dende aí ata SET Silleda 400 KV.
- No Estudo de Impacto Ambiental valóranse dúas alternativas para a construción do parque eólico, coincidindo a alternativa 1 coa incluída no documento de inicio, e sendo seleccionada a alternativa 2 como medioambientalmente máis favorable e con menores afeccións sobre o patrimonio cultural. Nela optimízase o asentamento das plataformas de tódolos aeroxeradores e replantéase o acceso á TM e aos aeroxeradores CU01, CU02 e CU03. Tamén se modifica o vial de acceso e a plataforma do CU05, para que quede fóra do contorno de protección do Túmulo de Couto Mesada. Asemade, contéplase á adecuación de pistas existentes e a construción de novos viarios dentro do PE.
- No apartado da memoria 9.5 *Patrimonio histórico cultural* indícase que foi consultado o Plan básico autonómico de Galicia (PBA) e realizada unha revisión de documentación bibliográfica, traballos de investigación, cartografía e fotografías aéreas da zona. Asemade, indícase que foi levada a cabo unha prospección arqueolóxica e que os seus resultados inclúense no Anexo III *Estudo de impacto arqueolóxico*. Respecto do Camiño de Santiago, indícase que o trazado máis próximo, correspondente ao Camiño de Inverno, discorre a 6.5 Km do CU02.
- O apartado 11.5.2.7 *Impacto sobre o Patrimonio cultural* fai referencia ao Anexo III *Estudo de impacto arqueolóxico* e indícase que coa adopción de medidas correctoras oportunas as obras non suporán un risco elevado de afección sobre o patrimonio cultural, polo que o impacto pode ser considerado COMPATIBLE.
- Finalmente no apartado 12.1.8 *Medidas protectoras e correctoras durante a fase das obras sobre o patrimonio cultural*, recóllense as medidas propostas no Anexo III *Estudo de impacto arqueolóxico*.
- O Anexo 3 *Estudo de Impacto sobre o Patrimonio Cultural*, recolle a memoria da *Evaluación del Impacto sobre el Patrimonio Cultural del proyecto del Parque Eólico Cunca, Ayuntamiento de Vila de Cruces (Pontevedra)*, asinado pola arqueóloga Lorena Vidal Caeiro, da empresa Zeta Arqueoloxía. De acordo con este estudo, realizouse unha prospección intensiva no contornos de 200 m das infraestruturas do parque eólico e unha prospección extensiva da poligonal. O documento inclúe unha relación dos bens culturais atopados na poligonal do PE 6 de arquitectónicos e etnográficos (non se prevee impacto sobre eles) e 4 arqueolóxicos (dos que 3 localízanse no ámbito de prospección intensiva (buffer 200 m da infraestrutura eólica). A execución do parque se considera compatible, sendo necesario levar a cabo medidas preventivas e vixiar e controlar as obras nas proximidades dos bens culturais.
No documento inclúese unha táboa coa valoración do impacto sobre os bens do patrimonio cultural localizados na poligonal do parque. Preséntase ficha individualizada dos bens afectados e proposta de medidas correctoras. A avaliación do impacto sobre os bens arqueolóxicos directamente afectados polo proxecto é a seguinte:
 - AC36059001, Anaco de Muiño.- Traballos de mellora do viario xeral a 150 m ao S do ben. Impacto compatible.
 - GA36059025, Castro de Sabrexo/Zarra dos Castros.- Traballo de mellora do viario de acceso xeral a 126 m ao S do ben. Impacto compatible.
 - Túmulo 01, Túmulo de Couto Mesada.- Ben inédito, atopado durante os traballos de prospección arqueolóxica. O viario que da acceso ao aeroxerador CU05 discorre a 4 m ao S, por unha pista forestal existente a acondicionar. A plataforma da máquina CU05 invade o ámbito de protección de 200m. Considérase o impacto compatible dado que o acondicionamento da pista forestal realizarase mediante aporte de material (terraplén), axustando a súa traza á pista forestal aínda que dentro da área de cautela do túmulo. Asemadse a plataforma da máquina CU05 se xira para non interferir na mesma área de protección.
- Como medidas correctoras xenéricas propónse nese estudo as seguintes:
 - Control e seguimento arqueolóxico das obras, sobre todo en fase de replanteo e remoción de terras.
 - Comunicación, ao equipo encargado do control e seguimento, do emprazamento de posibles zonas de acopio ou préstamo, como de calquera obra non recollida na planimetría do proxecto.
 - Revisión pormenorizada de todo o replanteo previo ás obras.
 - Incorporación nos planos dos responsables de obra os elementos do patrimonio cultural e as súas cautelas.
 - Balizado dos posibles elementos que apareceran durante as fases de replanteo e construción, sinalización na planimetría de obra e prohibición de remocións non controladas nas súas inmediacións.
- Como Anexo VIII ao EIA achégase o documento denominado "*Estudo de Impacto e Integración Paisaxística*". No apartado 7.3 *Análise de Visibilidade*, inclúense liñas de visión orixinadas en gráficos de perfil desde varios puntos de observación significativos entre os que se encontran o mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro e a igrexa románica de Santa María de Merza, aportando simulacións infográficas desde onde non serán visibles os aeroxeradores.





Proxecto Sectorial

- O proxecto sectorial estuda o proxecto desde o punto de vista urbanístico e territorial.
- No Anexo 2, apartado 5, faise referencia a prospección arqueolóxica realizada e recollida no EsIA, onde se propoñen medidas cautelares e correctoras adecuadas a cada elemento para minimizar os riscos.
- No *Anexo 3. Afecciones ambientales, apartado 2. Medidas protectoras y correctoras durante la fase de obra y apartado 2.1.8 sobre Patrimonio Cultural*, recóllese a necesidade de contar cun estudo de avaliación do impacto do proxecto sobre o Patrimonio Histórico que inclúa unha prospección arqueolóxica do ámbito afectado e un programa de actuacións de conservación e protección do patrimonio arqueolóxico. Incluído no EsIA
- Apúntase a necesidade de realizar o control e seguimento arqueolóxico das obras durante todas as fases do proxecto (replanteo, execución e restitución dos terreos), a sinalización dos elementos arqueolóxicos, e que os traballos serán realizados por arqueólogos. Todas as cautelas e medidas correctoras establecidas xa se recollen no Anexo 3. Estudio de Impacto Arqueolóxico do EsIA.
- No *Anexo 5, Justificación de la coherencia con las determinaciones y criterios de las DOT y análisis de compatibilidad estratégica (ACE)* apuntase que o deseño do parque atopase sobre chan rústico de protección do Patrimonio. Ca aprobación do PS este chan pasará a chan rústico de protección de infraestruturas respectando os elementos do Patrimonio Cultural. No apartado 3.1. apartado e). Dise que no deseño do parque maximizouse a protección do patrimonio cultural, conseguindo no ocasionar afeccións a dito patrimonio.
- De acordo coa documentación presentada, cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como o planeamento municipal, o plan básico autonómico e os visores do Instituto de Estudos do Territorio, conséntase que:
 - existen bens do patrimonio arqueolóxico que se ven afectados, ou poderían verse afectados, polas obras de implantación do parque eólico se non se adoptan as medidas correctoras correspondentes.
 - asemade, desde outros bens integrantes do patrimonio cultural de carácter arquitectónico ou etnográfico (dentro e fora da poligonal), aínda que non afectados pola construción do parque eólico, serán perceptibles os aeroxeradores a distancias superiores a 1 km.
- Non se concretan no EIA as actuacións que será necesario realizar para acondicionar os accesos ao parque eólico desde a PO-960, polo que non se pode valorar se existen elementos do patrimonio cultural (xacementos arqueolóxicos, antigos camiños e corredoiras, valados de pedra, muros de peche tradicionais, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) que poidan verse afectados polas actuacións necesarias para adecuar os accesos na fase de obras (rectificación de curvas, sobreanchos, cunetas, limpeza de vexetación, podas, etc...).
- Cotexados os datos e a planimetría do Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Cunca (Novembro 2020) cos datos e planimetría Proxecto sectorial (Outubro 2020) compróbase que non existe diferenza nas características do proxecto.

INFORME

Á vista do exposto e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, se informa de xeito **favorable** os documentos *Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Cunca (noviembre 2020)* e *Proyecto Sectorial Parque Eólico Cunca (octubre 2020)* visado con data de 11/03/2021, debéndose levar a cabo as medidas correctoras recollidas no Anexo nº 3 do Estudio de Impacto Ambiental, e tendo en conta as seguintes **condicións**:

- Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais ata o parque eólico Cunca, e se detallen as actuacións concretas necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc...). Identifícaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (xacementos arqueolóxicos, hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorárase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.
- Os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo





que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997). O proxecto incorporará as medidas correctoras recollidas no Anexo 3 do EIA.

- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá de ser presencial e continuo nos contornos de protección dos xacementos arqueolóxicos documentados no Anexo 3 do Estudo de Impacto Ambiental. Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación dos mesmos.
- No caso de identificarse novos bens arqueolóxicos, os concellos de Vila de Cruces deberán incluílos no catálogo de bens culturais da súa normativa urbanística e definir e cartografar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.
- Os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural, deberán quedar libres tanto de obra nova relacionada coma de zonas de amoreamento de materiais.
- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade de las obras.
- Na planimetría do proxecto sectorial deberán reflectirse todos os cambios causados provocados polas condiciones impostas a información favorable do Estudo de Impacto Ambiental.

Documento asinado electronicamente en Santiago de Compostela

A directora xeral do Patrimonio Cultural

Mª Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxías e Minas. Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación



Xacobeo 21-22

*Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
EIA e PS PE Cunca (Vila de Cruces, Pontevedra)*

